



MONTE XESTEIRAS


Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: 8,3 km (lineal desde O Pino)

Dificultade: media

Duración: 5 horas (ida e volta a pé)



Vista sur do Xesteiras



Pedra da Águia

O monte Xesteiras é un cume de 716 m de altura que se ergue illado entre os concellos de Cuntis e Valga, separando a Depresión Meridiana da falla de Cuntis. Ten unhas excelentes vistas de todo o contorno, desde a Ría de Arousa ata as serras da Dorsal.

A ruta discorre por un camiño forestal. Pode facerse en coche, bicicleta ou a pé. No camiño hai un pequeno desvío polos muíños de Magán.

Pódese facer máis completa baixando a Requián (Valga), neste caso a pé.

COMO CHEGAR

Na estrada de Valga a Caldas de Reis, a 7,5 km, cóllese o cruce que vai de O Pino a Cuntis e á altura do km 1,3 un cruce á esquerda que vai dar a unha pista forestal que chega ata o cume do Xesteiras. Outras pistas soben desde Magán, desde Gontade ou A Portela (Cuntis-A Estrada).



Muíños de Magán



Estación de radar de Meteogalicia



A Depresión Meridiana, o Xiabre a a ría de Arousa desde o cume do Xesteiras.